



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 12 de novembro de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 12 de novembro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05/11/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/4950

Dáse conta do recurso de alzada interposto por D. Diego Antonio Doval Balsa, como Presidente da **Asociación Deportiva e Cultural encestarías**, contra a resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais de 27 de xullo de 2018.

Dáse conta de resolución de 25 de maio de 2018 en relación cos criterios a seguir para a aplicación das bonificacións contempladas na ordenanza, no caso de actividades deportivas non federadas.

Dáse conta de resolución do 18 de xuño de 2018 e informe correspondente, de concesión de instalacións para o Campus, tarifas da ordenanza, obrigas en relación ás instalacións, aplicación de bonificación ao 50% previa firma do convenio.

Dáse conta de resolución do 27 de xullo de 2018 e informe correspondente, de comunicación do custe das instalacións segundo os datos facilitados e en aplicación do convenio asinado o 19 de xuño de 2018.

Vistos os informes emitidos pola Interventora Delegada da FPSDM, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aplicar os criterios aprobados no Consello Reitor de 25 de maio de 2016, e polo tanto, considerando que a Entidade ADC Encestarías está rexistrada na Fundación de Deportes e ten actividade deportiva federada de base, acórdase rectificar o convenio asinado para recoller a bonificación do 100% do prezo público.

- Someter ao Consello Reitor ao efecto de aclarar/modificar o acordo adoptado en data 25 de maio de 2016.



PRP2018/4951

Dáse conta de escrito presentado por D. Francisco Jesús Fernández Rodríguez, en representación de **Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela** solicitando autorización para colocar unha silueta no primeiro andar do Edificio do Concello (zona común de Rexistro, Información, etc) e unha silueta no Mercado de Abastos, entre o luns 12 de novembro e o domingo 25 de novembro, con motivo da celebración do día das persoas en situación de “sen fogar”.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada.

PRP2018/4955

Dáse conta dos escritos presentados por D. Julio Reiris Rodríguez e de Dona María González Abuin, como Presidenta da ANPA Casanova, do CEIP de Rubiáns, solicitando a sinalización da parada de autobús, así como dun paso de peóns en Avda. de Rubiáns, á altura do nº 16-18, para garantir a seguridade dos escolares.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que se podería sinalizar a parada de autobús, cun sinal S-19 de parada de bus e sinalización horizontal coa lenda de Bus, dado que as condicións de visibilidade e manobrabilidade non supoñen inconveniente.

En relación coa sinalización do paso de peóns, consideran que o mesmo, atendendo ás características da vía, caso de instalalo, debería estar regulado por sinalización semafórica.

A Xunta de Goberno Local, queda sabedora e dado que o citado vial non é de titularidade municipal, acorda remitir os escritos, xunto co informe da Policía Local á Unidade de Estradas do Estado en Pontevedra, aos efectos da autorización da sinalización da parada de BUS e tendo en conta que deberán ser os técnicos desa Administración quen deberán facer o estudo sobre a necesidade e procedencia da instalación semafórica e sinalización do paso de peóns.

PRP2018/4956

Dáse conta do escrito presentado por **D. Guillermo Barcala Doval** solicitando a colocación dun espello fronte ao nº 15 da Rúa Cortiñas para facilitar a visibilidade de incorporación á vía principal.

Visto o informe da Policía Local, no que se indica que a visibilidade está restrinxida por edificacións, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a instalación do espello solicitado.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2018/4957

Dáse conta de escrito remitido pola DGT e presentado por **Dona Maria Dolores Esperón Rodríguez**, en relación coa perigosidade da N640A, coincidindo coa Avda. de Pontevedra.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que consideran necesaria a revisión da sinalización e ordenamento do tráfico con criterios urbanos, polo que se realizará unha proposta de medidas de sinalización para que se dea traslado ao organismo titular da vía.

Así mesmo realizaranse controis de velocidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Sra. Esperón das medidas a adoptar.

PRP2018/4962

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Emilia Paz Mourño** solicitando a colocación dunha placa identificativa co nome da Rúa Monte Wences, dado que na actualidade non ten identificación, o que lle ocasiona problemas, sobre todo para a recepción de correspondencia.



Visto o informe da Policía Local no que se indica que efectivamente a citada rúa carece de placa identificativa, a Xunta de Goberno Local acorda queda sabedora e acorda dar conta ao Servizo Municipal de Vías e Obras para que procedan á adquisición e colocación da mesma.

PRP2018/4963

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **INTERMACO SL** para subministro de 2 termos e material de fontanería para a reparación de baños na Escola Unitaria de Castroagudin, por un importe total de 2.232,37 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/4964

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias, SL** para a reparación do vehículo matrícula 1426-DBD, adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 723,22 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/4967

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a compra dun soplador de mochila, debido ao alto custe de reparación do existente de conformidade co orzamento presentado por **ALYSER SALNES SL**, por importe de 1.238,19 € (IVE incluído), con cargo á partida 171,213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/4968

Vista a proposta da Área de Comunicación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dketch System-Digipress** para o subministro dun xogo de tintas para o plóter, por un importe total de 711,48 € (IVE e portes incluídos), con cargo á partida 926.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5011

Dáse conta de proposta do Servizo de Alumeado Público de necesidade de instalación de cheminea para a saída de gases da caldeira de peles instalada na Casa de Cultura de Rubiáns, e das ofertas presentadas, seguintes:

- Protosolar, que ofrece un prezo de 1.751,85 € (IVE incluído)
- Dielectro Industrial SA, que ofrece un prezo de 733,96 € (IVE incluído).



A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **Dielectro Industrial SA** o subministro de material para a instalación de cheminea de saída de gases da caldeira de peles da Casa de Cultura de Rubiáns, por un importe total de 733,96 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.63200 por ser a oferta máis vantaxosa para do Concello (Obra 2 7/22/2016)
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5012

Dáse conta de proposta do Servizo de Alumeado Público de necesidade de instalación de cheminea para a saída de gases da caldeira de peles instalada na Casa de Cultura de Trabanca, e das ofertas presentadas, seguintes:

- Protosolar, que ofrece un prezo de 2.374,12 € (IVE incluído)
- Dielectro Industrial SA, que ofrece un prezo de 908,58 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **Dielectro Industrial SA** o subministro de material para a instalación de cheminea de saída de gases da caldeira de peles da Casa de Cultura de Trabanca, por un importe total de 908,58 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.63200 por ser a oferta máis vantaxosa para do Concello (Obra 2 7/22/2016)

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5013

Na Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 29 de outubro de 2018, douse conta do prego de bases que rexerá a alleación de inmobles mediante subasta pública de bens decomisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados, entre os que se atopa unha vivenda situada na Avda. Dr. Tourón nº3.

Tendo en conta a valoración realizada por SEGIPSA, que establece un valor de mercado da vivenda citada en 212.559,00€, e un valor de subasta en 170.047,00€.

A Xunta de goberno Local acorda:

- 1- Adquirir o inmovible citado polo tipo da 1ª subasta que ascende á contía de 170.047,00€ incluída no lote nº13: M.C.A. 543/2016.
- 2- Asumir o concello a débeda que o Estado mantén coa facenda municipal en relación con este inmovible situado na Avda. Dr. Tourón nº3.
- 3- Solicitar á Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas que se proceda á retirada do lote nº13 da subasta: M.C.A. 543/2016 relativo ao terreo con casa de planta baixa e piso situada na Avda. Dr. Tourón nº3 de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- 4- Proceder a depositar a fianza por importe de 17.004,70€, de ser necesario, no momento en que se dispoña por ese Organismo.

PRP2018/5014

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de **AREVA – Alcohólicos Rehabilitados de Vilagarcía**, solicitando autorización para ocupación de vía pública, na Praza de Galicia, o día 15 de novembro, en horario de 10:00 a 13:30 horas, con motivo da celebración do Día Mundial sen Alcol, así como a cesión de unha carpa, unha mesa e catro cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:



- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/5015

Sabedores do recente falecemento de **D. Celestino Brianes Lojo** e tendo en conta que foi unha persoa moi vinculada á maior parte das disciplinas deportivas que se practican nesta cidade, especialmente no ámbito da natación, dado que fundou os Clubes Natación Vilagarcía e Salvamento Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda propoñer á Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais e ao Pleno da Corporación Municipal a designación da Piscina Municipal coa denominación de "Piscina Celestino Brianes Lojo".

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/4948

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, e tendo en conta a situación de emerxencia social e humanitaria que se está a producir nos campamentos de refuxiados saharauis por falta de alimentos básico, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura dun convenio para a concesión dunha subvención de carácter prepagable, a favor de "**Solidariedade Galega co Pobo Saharaui**", por importe de 1.500,00 €, con cargo á partida 231.489, para a cobertura das necesidades básicas do pobo saharai en situación de emerxencia derivada da escasez de alimentación.

Emprego

PRP2018/4984

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por Dona M^a Carmen González Campos, en representación de **Empresa Pereira SL**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.250,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/4985

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Dona María Milagros Pesado Calvo**.



Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/4986

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Dona María López García**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2018/4987

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego “Forme 18”, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Peycar Pontevedra SL** para o subministro de vestiario e Epis ao alumnado e monitor da Especialidade de Carpintería (botas de seguridade, pantalóns, camisetas, sudaderas, cazadoras, auriculares e gafas de protección), por un importe total de 1.211,21 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/4988

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego “Forme 18”, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Clece SA** para o servizo de limpeza das instalacións do Obradoiro de Emprego Forme 18, do 13 de novembro de 2018 ao 4 de agosto de 2019 (data de finalización), por un importe de 248,65 €/mes (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/4990

Vista a proposta do Director Obradoiro de Emprego “Labora Xove 18”, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos con cargo á partida 2412.22199:

- **D. Jesús Blanco Pérez**, por un importe de 1.094,34 € (IVE incluído) para subministro de vestiario do módulo de Atención al Cliente.
- **Caser Uniformidad Laboral SL**, por importe de 1.216,63 € (IVE incluído) para subministro de indumentaria e Epis do módulo de Socorrismo
- **Kaeme Consultoría y Prevención**, para o desenvolvemento do curso de Prevención de Riscos Laborais, por un importe total de 1.275,00 € (IVE incluído).



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/4991

Dáse conta da documentación remitida á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e OU, por parte da Directora do Conservatorio Profesional de Música:

- Programación Xeral Anual para o curso 2018-19.
- Horarios de traballo do Profesorado do Conservatorio Profesional de Música para o curso 2018-19 dos dezaseis profesores do Centro.
- Asignación das tarefas de Coordinación dos Departamentos Didácticos para o Curso 2018-19 ao profesorado afecto.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a conformidade á citada documentación.

Mercados

PRP2018/4992

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos López Ferro, en representación da **Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para a apertura da praza de abastos e celebración do mercado semanal, os días 8, 24 e 31 de decembro.

Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2018/4993

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e o orzamento para a realización dun Campamento Urbano de Nadal 2018, a desenvolver no CEIP A Escardía, os días 24, 26, 27, 28 e 31 de decembro, e 2, 3 e 4 de xaneiro, dirixido a 50 nenos e nenas, por un importe total de 3.593,88 €, con cargo á partida 2314.22624, coa seguinte desagregación:

- 3.388,18 € (IVE incluído), orzamento presentado por **Órbita Infantil SC**, para o programa denominado Campamento Urbano de Nadal 2018.
- 205,70 € (IVE incluído), orzamento presentado por **CLECE, S.A.**, para servizo de limpeza dos días 24 e 31 de decembro e consumibles para o servizo, sendo o servizo de limpeza dos demais días con cargo á bolsa de horas de limpeza.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2018/4994

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención do Fondo de Compensación Ambiental, na súa natureza



Non Competitiva, por importe de 12.441,50 € para o proxecto denominado “Mellora da rede de saneamento: Mellora do Bombeo de Bamio”), facendo constar:

Primeiro: O importe total da subvención destinouse á finalidade para a que foi concedida.

Segundo: Os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais imputables á actuación subvencionada, son os seguintes:

ACREEDOR	NºFRA.	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE EMISIÓN	DATA DE RECOÑECIMENTO DA OBRIGA
TTES Construcciones Dieguez SL	y C03018	Mellora do bombeo de Bamio	15.705,80 €	24/10/2018	12/11/2018

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/4995

Dáse conta de proposta da Área de Igualdade-CIM, en relación coa celebración do 25 de novembro “Día Internacional contra a Violencia de Xénero” e tendo previsto realizar diferentes actos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos, por un importe total de 3.327,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615:

- **SERIGAL**, por importe de 1.143,45 € polo subministro de 500 camisetas co anagrama “Vilagarcía en Negro”.

- **D. Juan C. Piñeiro Bernardez** por importe de 2.184,05 €, polo subministro de:

- 300 displays A3 con peana para os escaparates dos comercios, cun importe de 1.675,85 €
- 20 rolos de 5.000 m de cinta de balizamento, cun importe de 508,20 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/4996

Dáse conta do Protocolo de colaboración para o desenvolvemento da Campaña en Negro contra as violencias 2018, que está previsto asinar o día 12 de novembro, ás 12:00 horas en Santiago de Compostela..

Vista a proposta da Área de Igualdade e dado que este concello acordou adherirse á Campaña, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado protocolo de colaboración, promovido polo Concello de Santiago de Compostela.

PRP2018/4997

Dáse conta da concesión da seguinte actividade no marco do Acordo de Colaboración que ten asinado o Concello coa FEGAPM para a conformación dunha rede de entidades locais contra a violencia de xénero:

- Proxección da curtametraxe “MIÑA” e foro-debate sobre a abordaxe da violencia de xénero no ámbito veciñal.

A citada actividade vaise desenvolver o día 15 de novembro no Salón García, ás 20:30 horas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/4998



Vista a proposta das Concellerías de Cultura e Turismo a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte memoria coa finalidade de xustificar a aportación de 6.000,00€ da Deputación de Pontevedra para as festas de San Roque 2018:

1º Cumpríuse a finalidade da subvención xa que foron contratadas as actuacións musicais das orquestras NEW YORK e GRAN PARADA e imprimíronse programas e foi contratada publicidade en diversos medios de comunicación, e realizouse o desfile de carrozas

2º Todas as actividades citadas figuran reflectidas na relación seguinte:

Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	NIF	Nome	Texto Explicativo
Emit- 2018110	09/08/2018	6.050,00	B36431922	ESCCENARIOS MOVILES VIKI, S.L.	SERVICIOS MUSICALES ORQUESTA MARBELLA ACTUACION DIA 09/08/2018 FESTAS SAN ROQUE (TRANSFERENCIA BANCARIA) IBAN ES57 2080
Emit- 2	13/08/2018	6.655,00	B76236587	ESPECTACULOS REYVAL, S.L.	ACTUACION ORQUESTA NEW YORK
EMIT 000045	21/08/2018	14.520,00	B32425654	OURI PRODUCCIONES ARTISTICAS, S.L.	Alquiler de 8 carrozas para el desfile celebrado el dia 19 de Agosto de 2018 con motivo de las Fiestas de San Roque
Emit- 48	01/08/2018	350,90	B94047099	ATLANTIS COMUNICACIÓN, S.L.	INSERCIÓN PUBLICITARIA (INSERCIÓN PUBLICITARIA DE 1 PAXINA NA GUIA ZOOM DE PONTEVEDRA DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2018 .
F 025	28/08/2018	484,00	36069623B	GONZALEZ MIGUEZ, PURIFICACION	RECURSOS HUMANOS (CAMPAÑA PUBLICIDADE FESTAS SAN ROQUE 2018)
A 2018/A/267	25/08/2018	1.089,00	B36223600	TELEV. MANCOMUN. SALNES, S.L	Emisión campaña publicitaria promoción ""Festas San Roque 2018"" . / Realización spot. Ingreso en cta. ES52 2080 5448 6
P18 009514	31/08/2018	719,95	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	AGO-10; Monográficos Voz Galicia (I); Arousa; Media Página; 5x5 MOD; CONCELLO DE VILAGARCIA;
0780200278	31/08/2018	816,75	A28281368	RADIO POPULAR, S.A.	180582- FESTAS SAN ROQUE 2018 (CONCELLO VILAGARCIA) / 180582- FESTAS SAN ROQUE 2018 (CONCELLO VILAGARCIA)
1 90	18/08/2018	13.310,00	B15779879	ORQUESTA GRAN PARADA, S.L.	PRESTACIÓN DE SERVICIOS MUSICALES Y ARTÍSTICOS A CARGO DE LA ORQUESTA GRAN PARADA
P 804338	15/08/2018	605,00	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.	1108 SAN ROQUE VILAGARCIA (CONC. VILAGARCIA)
01 00101 18001442	31/08/2018	387,20	A36005346	RADIO PONTEVEDRA, S.A.	FESTAS SAN ROQUE / FESTAS SAN ROQUE / FESTAS SAN ROQUE / FESTAS SAN ROQUE / FESTAS SAN ROQUE
P18 009515	31/08/2018	726,00	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	AGO-11; La Voz de Galicia; Arousa; Modulo; 2x5 MOD; CONCIERTO CIGALA-CONC.VILAGARCIA-; / AGO-12; La Voz de Galicia; Arou
P18 009513	31/08/2018	363,00	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	AGO-14; La Voz de Galicia; Arousa; Modulo; 2x5 MOD; CONCIERTO TEQUILA;
2018/0002787	31/08/2018	457,38	A36600815	FARO DE VIGO, S.A.	Publicidad: A000006372 Tamaño: 1X1 CONCELLO DE VILAGARCIA - 10/08/2018 (_)
TOTALS		47.151,28			

3º Dos 47.151,28 € aos que ascenden estas actuacións, **6.000 € resultan financiados pola Deputación de Pontevedra** e os restantes 41.151,28 € resultaron sufragados con fondos propios do presuposto 2018 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2018/4999

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro da Resolución do 4 de maio de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, para a realización da actuación denominada "Combate Naval", facendo constar:



1º.- Que a actividade denominada Combate Naval, realizouse o día 18 de agosto, tal e como consta na memoria xustificativa, de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención.

2º.- Que os gastos que figuran na presente conta xustificativa se realizaron e aplicaron á actividade subvencionada, quedando á disposición da Deputación para o seu exame, de se considerar oportuno, os xustificantes correspondentes.

3º.- O concepto e contía corresponde ao gasto total soportado polo Concello, entidade beneficiaria, imputable á actividade subvencionada, é o seguinte:

Nº FACT.	DATA	PROVEEDOR	C.I.F.	CONCEPTO	IMPORTE	DATA PAGAMENTO
87	21-08-2018	PIROTECNIA PENIDE, S.L.	B-15209430	BOMBAS COMBATE NAVAL	44.013,75€	04-09-2018

4º.- O conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas e doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son as seguintes:

NON SE CONCEDEU NINGUNA OUTRA AXUDA.

5º.- O Concello de Vilagarcía de Arousa, declara estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade Autónoma.

6º.- Que se lle difusión á subvención obtida facendo constar a colaboración da Deputación a través da páxina web do Concello e no programa das Festas San Roque 2018. Achegase acreditación gráfica.

PRP2018/5000

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Carlos Crespo Gómez** para os traballos de maquetación e impresión de carteis e programa do Ciclo de Concertos organizado pola Sociedade Filarmónica de Vilagarcía, durante os meses de decembro de 2018 a maio de 2019, por un importe total de 1.679,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/5001

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do Concurso Escolar de Deseño de Carteis para a Cabalgata de Reis 2019, no que poderán participar cantos/as nenos/as o desexen, en idades comprendidas entre 7 e 11 anos, concedéndose un único premio. O debuxo gañador reproducirase na edición dos carteis da Cabalgata 2019.

PRP2018/5002

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude para a participación nas Carrozas da Cabalgata 2018 (3 de Reis magos e 3 carrozas con agasallos que irán a acompañando a cada un dos Reis), que se vai levar a cabo o vindeiro día 5 de xaneiro de 2019 ás 19:00 horas, así como as bases para a participación.

As citadas solicitudes presentaranse nas oficinas da Concellería de Cultura dende o 15 de novembro ao 4 de decembro de 2018, en horario de 9:00 a 13:30 horas.



ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/5003

Dáse conta do expediente de contratación CT 25/2018-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria para adxudicar as obras incluídas no Proxecto denominado “Reforma e Humanización da Praza da Independencia e un tramo da rúa San roque”, incluídas na “Estratexia de desenvolvemento urbano sostenible integrado EDUSI “Vilagarcía Avanza”, dentro da liña de actuación denominada Creación dun parque metropolitano de unión mar-montaña (urbano-rural) – VLG-LA23-MARMONTA e cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo del Desarrollo Regional (FEDER) no marco do programa operativo de crecemento sostible 2014-2020, cun orzamento de licitación de 421.568,01 € (IVE incluído).

Dáse conta de que pola Empresa Nexia Infraestructuras SLU se presentou unha oferta anormalmente baixa, presentando xustificación da mesma dentro do prazo concedido ao efecto.

Dáse conta do seguinte informe do Arquitecto Municipal en relación coa citada xustificación:

INFORME:

Tras finalizar o prazo de presentación de ofertas para optar á adxudicación da obra de referencia, algunha das propostas das empresas licitantes incorren en valores considerados como anormais ou desproporcionados consonte os criterios definidos no artigo 85.4 do texto consolidado do Regulamento da Lei de Contratos.

*Tras dar prazo de audiencia, consonte o art. 149.4 da vixente “Ley 9/2017 de Contratos del Sector Público”, se me da traslado da xustificación presentada pola empresa **NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.***

O documento presentado contén unha primeira parte que incide na experiencia e solvencia técnica da empresa, dispoñibilidade de equipos propios así coma un listado de obras recentemente executadas.

Tamén se inclúe cadro que contén algúns prezos descompostos alternativos ós do proxecto como forma de xustificación da proposta anormalmente baixa.

Finalmente tamén xustifica a súa baixa na previsión dunha menor incidencia dos gastos xerais e dun reducido beneficio industrial.

A solvencia, experiencia e profesionalidade da empresa é algo que en ningún caso se pon en cuestión antes o contrario é un dos requisitos que se deben xustificar na documentación presentada para licitar calquera contrato.

Porén os prezos descompostos alternativos non disipan ás dúbidas sobre a viabilidade da proposta senón que algúns dos rendimentos considerados son manifestamente irrealis e dificilmente defendibles. Pola miña experiencia en casos similares, teño comprobado que a adxudicación de obras a empresas con custos de execución moi axustados incide negativamente na marcha dos traballos e, con frecuencia, pon en risco o normal cumprimento do contrato.

Finalmente os conceptos, Gastos Xerais e Beneficio Industria, son establecidos como de obrigada inclusión na Base de Licitación, consonte o Art. 131 do “Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas” e, polo tanto, eliminalos ou minorar a súa incidencia nas propostas económicas desvirtúa a igualdade de concorrencia. Entendo que si a administración ten obriga de incluílos nos orzamentos os licitadores veñen tamén obrigados a telos en conta nas ofertas.

*En consecuencia propoño DESESTIMAR a xustificación de valores desproporcionados, presentadas pola empresa **NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.**, ós efectos de que o órgano de contratación o teña en consideración cando tome o correspondente acordo de adxudicación.”*

Á vista do indicado no informe a Mesa de Contratación, por unanimidade acorda non admitir a xustificación da oferta anormal ou desproporcionada presentada e consecuentemente propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento da mesma e a exclusión de dita oferta da clasificación.

Unha vez proposta a exclusión do licitador NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU e aplicados os criterios e valoración fixados nos pregos que rexen a licitación, o resultado da da clasificación das ofertas é o seguinte:

Orden: 1 CIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 98.6



Total puntuación: 98.6

Orden: 2 CIF: 36746584B XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 95.49

Total puntuación: 95.49

Orden: 3 CIF: B27279751 NATURGALIA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 95.42

Total puntuación: 95.42

Orden: 4 CIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 94.86

Total puntuación: 94.86

Orden: 5 CIF: B94098035 INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 93.53

Total puntuación: 93.53

Orden: 6 CIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 92.95

Total puntuación: 92.95

Orden: 7 CIF: B15026693 ESPINA & DELFIN, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 91.41

Total puntuación: 91.41

Orden: 8 CIF: A84284892 TECYR CONSTRUCCIONES Y REPARACIONES, S.A. (TECYRSA)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 90.63

Total puntuación: 90.63

Orden: 9 CIF: B70372032 SERGONSA SERVICIOS, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 89.78

Total puntuación: 89.78

Orden: 10 CIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 88.33

Total puntuación: 88.33

Orden: 11 CIF: B94097268 ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 85.65

Total puntuación: 85.65

Orden: 12 CIF: B41839523 FONSAN GESTIÓN Y CONSTRUCCIÓN, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 85.55

Total puntuación: 85.55

Orden: 13 CIF: B33302696 AUDECA, S.L.U.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 85.33

Total puntuación: 85.33



Orden: 14 CIF: B15617400 OYS NOROESTE, S.L.U.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 83.79

Total puntuación: 83.79

Orden: 15 CIF: B27728492 SESTRAMA IBÉRICA S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 81.17

Total puntuación: 81.17

Orden: 16 CIF: A36115459 CONSTRUCCIONES ABAL S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 72.44

Total puntuación: 72.44

ORDEN: 17 CIF: B15090061 TARRIO Y SUAREZ, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 70.82

Total puntuación: 70.82

ORDEN: 18 CIF: B70218185 DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 68.78

Total puntuación: 68.78

Á vista da proposta da mesa de contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Desestimar a xustificación de valores desproporcionados presentada polo licitador Nexia Infraestruturas SLU e polo tanto acórdase a exclusión de dita oferta da clasificación.

- Adxudicar o contrato de obra denominado “REFORMA E HUMANIZACIÓN DA PRAZA DA INDEPENDENCIA E UN TRAMO DA RÚA SAN ROQUE” á seguinte empresa con maior puntuación de acordo coa orde no que quedaron clasificadas as ofertas: **MONTAJES J.M. IGLESIAS SL** con CIF B36130649, de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación:

- Prezo ofertado: 231.792,73 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 48.676,47 €, o que totaliza un importe de 280.469,20 € (IVE 21% incluído).

- Compromiso de contratar ou ter contratado para a execución do contrato, as seguintes persoas discapacitadas en número superior ao que esixe a lexislación nacional, xa sexa para cubrir necesidades de persoal eventual ou para novas contratacións que resulten necesarias:

* Un condutor a xornada completa (8 horas) durante 5 meses (total 880 horas).

* Un oficial de 1ª a xornada completa (8 horas) durante 5 meses (total 880 horas).

- Melloras:

* Substitución de arce americano a 30 cm. de perímetro de tronco a 1m. do chan: 13 unidades.

* Mellora na iluminación da praza. Instalación programación conxunto iluminación da praza (1 unidade).

* Mellora de fito a bolardo de fundición de aluminio: 42 unidades.

* Mellora de papeleira de aceiro a galvanizada reforzada: 6 unidades.

* Mellora banco mediante incorporación de respaldo e asento de listóns de madeira tropical: 28 unidades.

Partida orzamentaria 1530.6190017 (Proxecto 2 DUSI 1/13/2018)

PRP2018/5004

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizo menor para a “Reparación da Liña Aérea de Alta Tensión para subministro eléctrico da Canceira Municipal en Pinar do Rei” á Empresa **Elecnor**



SA por un importe de 3.500,00 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE de 735,00 (21%), o que totaliza un prezo de adxudicación de 4.235,00 € (IVE incluído), de conformidade coa oferta presentada, con cargo á partida orzamentaria 170.210.

PRP2018/5005

Dáse conta das propostas presentadas para a adxudicación do contrato menor de servizos de “Coordinación de seguridade e saúde das obras de “Reforma e Humanización da Praza da Independencia e un tramo da Rúa San Roque, seguintes:

- Sólido Estudio de Arquitectura SC, que ofrece o prezo de 1.650,00 € (IVE excluído)
- D. Joaquín Lustres Carregal, que ofrece o prezo de 1.980,00 € (IVE excluído)
- D. José M. Millán Armas, que ofrece o prezo de 2.700,00 € (IVE excluído)

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de “Coordinación de seguridade e saúde das obras de “Reforma e Humanización da Praza da Independencia e un tramo da Rúa San Roque, á empresa **Sólido Estudio de Arquitectura SC**, por un importe de 1.650,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE de 346,50 € (21%), o que totaliza un prezo de adxudicación de 1.996,50 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 150.640 do Orzamento Municipal de 2019.

PRP2018/5006

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación do contrato menor das obras de “Muro de Mampostería en Rúa Galáns e Camiño Monte de Eiviño”, cun orzamento total de 21.003,58 € (IVE incluído), e das ofertas presentadas:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	IVE (21%)	Oferta (IVE incluído)
Gruporesa SL	15.684,20	3.293,68	18.977,88
Construcciones en Cantería Esteban e Hijos	15.820,00	3.322,20	19.142,20
M. Tellado	16.800,00	3.528,00	20.328,00
Construcciones Ramón Rey Hermida SL	21.300,00	4.473,00	25.773,00

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Gruporesa SL** o contrato menor de obra para “Muro de mampostería na Rúa Galáns e Camiño Monte de Eiviño”, por un importe total de 18.977,88 € (IVE incluído), de conformidade coa oferta presentada, coa seguinte desagregación:

- Deputación Provincial – Plan Concellos 2016: 11.366,50 €
- Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa (partida 454.619): 7.611,38 €

PRP2018/5008

